

IES SANTA IRENE(Vigo)

RELIXIÓN

CATÓLICA

2º ESO

PROGRAMACIÓN

CURSO 2022-2023

*Xefe de Departamento
ISABEL CAPELO LAGO*

ÍNDICE

1. **Introdución e contextualización**
2. **Obxectivos xerais da materia de relixión e moral católica na ESO**
3. **Contribución da relixión ao logro das competencias clave**
4. **Obxectivos para o curso 2º ESO**
5. **Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliable para o curso 2º ESO**
 - Unidade 1: Deus, persoa e relixión
 - Unidade 2: Dignidade e vida cristiá
 - Unidade 3: Acción humana e moral católica
 - Unidade 4: Revelación e relación con Deus
 - Unidade 5: Revelación e fe cristiá
 - Unidade 6: ¿Como interpretar a Biblia?
 - Unidade 7: O Deus cristián
 - Unidade 8: Fe, Credo e vida eterna
 - Unidade 9: A Igrexa católica
 - Grao mínimo de consecución para superar a materia
 - Temporalización
6. **Concrecións metodolóxicas que require a materia**
7. **Materiais e recursos didácticos**
8. **Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**
9. **Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente**
10. **Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**
11. **Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados**
12. **Programas específicos para o alumnado repetidor (na ESO)**
13. **Medidas de atención á diversidade**
14. **Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda**
15. **Contribución ao Proxecto Lector**
16. **Fomento das TIC**
17. **Acción de contribución ao Plan de Convivencia**
18. **Actividades complementarias e extraescolares**
19. **Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de Decembro para a Mellora da Calidade Educativa, no artigo 6.1, define o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas. Por iso, o contido do currículo parte da experiencia humana e desenvólvese de xeito respectuosa coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentais e transversais propios de cada etapa educativa.

O Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, indica na súa disposición adicional terceira, que a determinación do currículo do ensino de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas coas que o Estado español subscribiu Acordos de Cooperación en materia educativa será competencia da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas.

No BOE número 47, de 24 de febreiro de 2015, publicouse a Resolución de 11 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo do ensino de Relixión Católica da Educación Primaria e da Educación Secundaria Obrigatoria. Ademais, no mesmo BOE publicouse tamén a Resolución de 13 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo do ensino de Relixión Católica de Bacharelato.

O desenvolvemento do currículo se estrutura en catro grandes bloques que pretenden recoller o saber antropolóxico cristián acumulado ao longo dos séculos. Eses bloques parten do sentido relixioso do home, continúan co estudo da revelación; Deus maniféstase ao home e faio nunha historia concreta, con personaxes e situacións que o alumnado debe coñecer e que contribuirán á súa comprensión do mundo. Dita revelación culmina en Xesucristo e a mensaxe evanxélico, centro do terceiro bloque do currículo e eixe vertebrador da materia. Para rematar, estúdase a Igrexa como manifestación da presenza continuada de Xesucristo na historia. Convén subliñar, xa que logo, que lonxe dunha finalidade catequética ou de adoutramento, o ensino da relixión católica ilustra aos estudantes sobre a identidade do cristianismo e a vida cristiá.

O IES SANTA IRENE está situado no centro da cidade e recolle alumnos procedentes dun nivel económico heteroxéneo medio-alto e ao mesmo tempo, medio e medio baixo, e todos eles co factor común do cristianismo como imprescindible na formación das súas diversas identidades. De xeito máis ou menos acentuado iso nótase no tocante á súa cultura relixiosa e reflicten a sociedade galega na que naceron que está embebida de ritos, costumes, festas e valores de fondas e longas raíces cristiás. Tamén, desde hai uns anos, aumentou o ingreso de alumnos procedentes de outros países, cadanseu coas súas propias peculiaridades, notándose que os alumnos de países suramericanos achéganse cunha significativa vivencia da fe católica.

2. OBXECTIVOS XERÁIS DA MATERIA DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA NA ESO

A área de Relixión e Moral Católica fundaméntase nas esixencias que leva consigo desenvolver, na escola, a educación integral e a aplicación duns dereitos expresados na Declaración universal de dereitos humanos (1948, artigo 26.3); na Constitución española (1978, artigo 27.3); no Pacto internacional de dereitos humanos,

económicos, sociais e culturais (1966, artigo 13.3); na Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea (2000, artigo 10 e 14.3), etc. Ademais, está garantida polo acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensinanza e asuntos culturais (3-1-1979).

A práctica destes dereitos leva consigo unha ensinanza relixiosa escolar e confesional. Esta ensinanza concrétese na área de Relixión e Moral Católica, unha materia específica e rigorosamente escolar, ordinaria para os que a soliciten, equiparable ao resto das materias no rigor científico, na formulación dos seus obxectivos e contidos, e na súa significación educativa dentro do currículo. Así mesmo, contribúe á formación integral do alumnado e ao pleno desenvolvemento da persoa en todas as súas capacidades.

A área de Relixión Católica é unha materia opcional curricular de carácter confesional. A súa identidade resúmese nas súas «Finalidades Educativas» ou «Obxectivos Xerais». Estes deben ser a meta e a directriz no seu deseño e o seu desenvolvemento curricular (realización da programación xeral de curso, de cada unidade didáctica, etc.). As seguintes «Finalidades educativas da Educación Secundaria», sinalan as metas finais a que deben conducir todo curso e unidade didáctica de Relixión Católica.

1. Educar a dimensión transcendente e relixiosa, e iso, desde a experiencia humana e «desde» e «para» a vida persoal, social, relixiosa e ambiental.
2. Favorecer a maduración e o desenvolvemento integral da personalidade do alumnado desde unha educación humanista, relixiosa e católica de calidade.
3. Facilitar a elaboración do proxecto persoal de vida desde unha educación en valores e virtudes humanas, morais, cívicas, democráticas, relixiosas e cristiás.
4. Presentar a visión cristiá da persoa e da historia, desde a realidade cotiá, o respecto e en diálogo coas principais relixións, antropoloxías e cosmovisións de hoxe.
5. Ofrecer a cultura relixiosa e a mensaxe cristiá-católica en diálogo con testemuños de persoas exemplares e problemas e interrogantes do mundo actual.
6. Educar a dimensión cívica e moral desde a aplicación de testemuños exemplares, valores, virtudes e compromisos para resolver problemas humanos e sociais.
7. Desenvolver unha ensinanza-aprendizaxe da relixión que promova a apertura ao Misterio, ao sentido relixioso da vida, á experiencia relixiosa e á educación na fe.
8. Promover as competencias necesarias para darlle un sentido pleno á vida e elaborar respostas de sentido último ante as dificultades máis existenciais e cotiás.
9. Educar na participación social e na práctica de compromisos solidarios que melloren o medio, as relacións interpersoais e a vida pública.
10. Valorar a intelixencia espiritual para fortalecer o mundo interior do alumnado e a súa capacidade de autocoñecemento, aceptación, meditación, relaxación, paz interior...
11. Favorecer o diálogo e a crítica construtiva entre as mensaxes relixiosas e cristiás e a actual cultura audiovisual, especialmente a da televisión e as TIC.
12. Desenvolver a dimensión humanista e cívica do alumnado desde a ética universal dos dereitos humanos e a doutrina social da Igrexa católica.
13. Educar a intelixencia emocional para elixir e fortalecer os mellores sentimentos, e así ser máis feliz con un mesmo, con Deus, cos demais e coa natureza.

14. Coñecer a Relixión e Moral Católica desde as TIC, a investigación, a aprendizaxe cooperativa e a participación en equipos de traballo.
15. Ofrecer unha ensinanza integral da Biblia, promovendo a cultura bíblica e a aplicación das súas ensinanzas para ser máis feliz na vida persoal e social.

3. CONTRIBUCIÓN DA RELIXIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A ensinanza da Relixión Católica na escola atense á finalidade propia de esta , que é a formación plena do alumnado mediante os sistemas propios de aprendizaxe que se concretan no currículo e no seu desenrolo.

As propostas da ERE contribúen en se mesmas a unha cosmovisión do mundo, da vida e do ser humano, que fai posible a formación integral. Con todo, as competencias clave como son persoais, culturais, sociais e cívicas e a comunicación lingüística, adquiren neste área elementos básicos para a súa adquisición ó longo da ESO. O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave :

- 1ª) Comunicación lingüística (CCL)
- 2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CAA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

O carácter integrador da materia de Relixión Católica fai que a súa aprendizaxe axude á adquisición das competencias clave. Os catro bloques que compoñen esta materia inclúen conceptos, procedementos e actitudes, que permiten o coñecemento de si mesmo, da realidade e dos problemas que esta suscita. Este currículo válese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recurso, para a comprensión da religiosidad propia de cada etapa educativa. Desenvólvense así, xa que logo, ditas competencias:

A competencia lingüística, posto que propón a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, como instrumento de aprendizaxe e ademais a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía , a linguaxe doctrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental e a linguaxe litúrgico e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo cristián, axudarán ao desenvolvemento desta competencia nos estudantes. Así mediante as súas propostas de traballo, as súas actividades e os seus recursos fomenta a escoita e a conversación consciente dos principais tipos de interacción verbal, a comprensión e a comunicación, e promove o feito de saber verbalizar conceptos, expoñer ideas e opinións, redactar un escrito e expoñer un argumento.

Así mesmo, o ensino escolar da relixión católica favorece o desenvolvemento da responsabilidade persoal e social e das demais virtudes cívicas,contribuíndo así á adquisición das competencias sociais e cívicas. Esta educación da dimensión moral e social da persoa, favorecerá a maduración dunha corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da liberdade, da xustiza e da caridade.

Por outra banda, a relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna, motivando o aprecio pola propia cultura e estímoo adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas. A

cultura e a historia occidental, a propia historia, non poden ser comprendidas e asumidas si prescínlese do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos. De igual modo, a expresión artística da fe segue colaborando na actualidade ao enriquecemento do noso patrimonio cultural.

A competencia para a autonomía e iniciativa persoal desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta a devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida e, xa que logo, á cultura e á identidade da persoa humana. Unha cosmovisión que fai posible a formación integral do estudante fronte a visións parciais.

En canto aos contidos procedimentais, a materia de relixión católica forma de xeito transversal unha serie de procedementos fundamentais para a comprensión do feito cristián. Estes contidos procedimentais adquirense ao longo do desenvolvemento curricular, colaborando así na consecución das competencias asignadas aos currículos da ESO e Bacharelato. Concretamente os contidos procedimentais de relixión católica desenvolverán especialmente as seguintes competencias: Comunicación lingüística, Aprender a aprender, Competencias sociais e cívicas e Conciencia e expresións culturais.

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	Coidado do medio e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar co medio natural de xeito respectuoso. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable. - Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). - Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso arredor e responder preguntas.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.

	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
Comunicación lingüística	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. - Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou en materias diversas.
Competencia dixital	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
Conciencia e expresións culturais	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

		<ul style="list-style-type: none"> - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	<p>Exposición cultural e artística</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
<p>Competencias sociais e cívicas</p>	<p>Educación cívica e constitucional</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	<p>Relación cos demais</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	<p>Compromiso social</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto polos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.
<p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</p>	<p>Autonomía persoal</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Ser constante no traballo, superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	<p>Liderado</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Darlles prioridade á consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
	<p>Creatividade</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.

	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
Aprender a aprender	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais a prol da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

4. OBXECTIVOS PARA O CURSO 2º ESO

1. Investigar e valorar desde as competencias clave a relación que existe entre o ser humano, Deus e a relixión na historia e a vida cotiá.
2. Coñecer e interpretar correctamente as características da dignidade humana en relación coa achega da vida cristiá e a súa promoción na sociedade actual.
3. Tomar conciencia da importancia da acción humana e a moral católica para aplicala en grupo a solucionar problemas persoais e sociais.
4. Comprender e fundamentar correctamente a relación existente entre a revelación de Deus cos medios para relacionarse con El.
5. Coñecer e aplicar as claves necesarias para a interpretación correcta da Biblia e as súas mensaxes de felicidade, liberación e salvación.
6. Expresar e explicar as principais características do Deus cristián en relación coa fe cristiá e a comunicación humana.
7. Identificar e valorar as características, achegas actuais e relacións existentes entre a fe cristiá, o Credo e a fe na vida eterna.
8. Coñecer desde as competencias clave e tomar conciencia das características da Igrexa católica e as achegas relixiosas, solidarias, culturais e artísticas que realiza á humanidade.

9. Desenvolver a intelixencia espiritual por medio das competencias clave, a reflexión e interiorización das experiencias de autoconhecimento, sentido á vida, lecturas profundas e relixiosas, o silencio, a meditación e compartir en grupo as vivencias espirituais.
10. Promover a intelixencia emocional por medio do coñecemento e vivencia dos sentimentos de espiritualidade, dignidade humana, empatía, escoitar, comunicación, recollemento e sociabilidade.
11. Tomar conciencia da importancia de desenvolver unha xerarquía de valores e de practicar os valores das dimensións humanas e do proxecto de vida, a liberdade, a fe cristiá, a amizade, a identidade persoal, cambiar e a solidariedade.

5. CONCRECIÓNS PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE PARA O CURSO 2º ESO

UNIDADE 1: DEUS, PERSOA E RELIXIÓN

1-DESCRINCIÓN DA UNIDADE

Nesta unidade preséntanos á persoa humana desde a súa relación con Deus: é unha criatura de Deus, libre e intelixente; o ser máis complexo de toda a Creación por ser creado a imaxe e semellanza de Deus e pola súa diversidade de necesidades e dimensións orixinais: o seu corpo, intelixencia, afectividade, individualidade, sociabilidade e espiritualidade. A Biblia ofrécenos claros exemplos do sentido relixioso que o ser humano experimenta, e que o leva a integrarse nunha relixión para relacionarse e unirse ao seu Creador. Preténdese unha autovaloración das propias dimensións con vistas a mellorar no crecemento integral como persoa.

2- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Recoñecer a persoa humana como criatura de Deus, libre e intelixente.
2. Valorar as principais características e dignidade do ser humano, desde a perspectiva cristiá, en relación con Deus e a relixión.
3. Interpretar correctamente o relato bíblico «Abraham e Isaac».
4. Coñecer e percibir as dimensións fundamentais do ser humano, presentes na Biblia, e o sentimento espiritual.
5. Descubrir, no nivel persoal, o grao de desenvolvemento dos principais valores e virtudes que configuran as dimensións fundamentais.

3- CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
----------	-------------------------	--------------------------------------	----

<ul style="list-style-type: none"> - O ser humano é creado por Deus, libre e intelixente e á súa imaxe e semellanza. - A persoa é un ser relixioso: a relixiosidade. - O relato bíblico «Abraham e Isaac». - A espiritualidade e a persoa na Biblia; o sentimento espiritual. - Dimensións e valores da persoa. 	<p>BLOQUE I.</p> <p>1. Establecer diferenzas entre o ser humano creado a imaxe de Deus e os animais.</p>	<p>1.1. Argumenta a dignidade do ser humano en relación aos outros seres vivos.</p>	<p>CCL, CAA, CSC, CCEC</p>
	<p>BLOQUE I.</p> <p>2. Relacionar a condición de criatura coa orixe divina.</p>	<p>2.1. Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p>
	<p>BLOQUE I.</p> <p>3. Identificar os personaxes e os valores do relato bíblico «Abraham e Isaac».</p>	<p>3.1. Escribe o argumento do relato bíblico «Abraham e Isaac».</p> <p>3.2. Expresa as ensinanzas deste relato para a vida persoal.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p>
	<p>BLOQUE I.</p> <p>4. Recoñecer expresións simbólicas bíblicas sobre as dimensións persoais, en especial a espiritual.</p>	<p>4.1. Investiga, coa Biblia, sobre as dimensións humanas.</p> <p>4.2. Valora o sentimento espiritual por medio de mándaas.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC</p>
	<p>BLOQUE I.</p> <p>5. Tomar conciencia dos valores e virtudes fundamentais que permiten un desenvolvemento de forma integral.</p>	<p>5.1. Selecciona as dimensións e os valores que debe desenvolver máis para medrar de forma integral.</p>	<p>CCL, CAA, CSC, CCEC</p>

UNIDADE 2: DIGNIDADE E VIDA CRISTIÁ

1- DESCRICIÓN DA UNIDADE

Esta unidade pretende mostrar como o ser humano necesita, para construír o seu propio proxecto de vida persoal, modelos humanizadores que ensinen valores e virtudes, defendan a dignidade humana, lle dean sentido humano e relixioso á vida, promovan a felicidade... Neste sentido, a vida cristiá axúdanos a medrar en humanidade. O relato evanxélico sobre os talentos ensinaranos a aproveitar as nosas capacidades e a desenvolver o sentimento de dignidade humana.

2- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Descubrir o fundamento da dignidade do ser humano como criatura de Deus.
2. Coñecer as principais características do proxecto de vida cristiá.
3. Interpretar correctamente o relato bíblico «A parábola dos talentos».

4. Valorar e experimentar a importancia de aproveitar ben o tempo e o sentimento de dignidade persoal.
5. Descubrir e enumerar os diversos valores presentes en diversos proxectos de vida.

3- CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - O fundamento da dignidade da persoa. - Características do proxecto persoal de vida cristiá e os principais modelos de vida para o cristián. - O relato bíblico «A parábola dos talentos». - O valor do tempo na Biblia e o sentimento de dignidade. - Os proxectos de vida e os seus valores. 	<p>BLOQUE I.</p> <p>1. Explicar a orixe da dignidade do ser humano como criatura de Deus.</p>	<p>1.1. Valora, en situacións do seu contorno, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p>
	<p>BLOQUE I.</p> <p>2. Sintetizar que é o proxecto de vida cristiá.</p>	<p>2.1. Define que son o proxecto persoal de vida e o proxecto de vida cristiá.</p> <p>2.2. Describe a Xesús de Nazaret e a Virxe María como os principais modelos de vida cristiá.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p>
	<p>BLOQUE I.</p> <p>3. Expresar o argumento, a interpretación e a ensinanza principal do relato bíblico «A parábola dos talentos».</p>	<p>3.1. Extrae as principais ensinanzas do relato bíblico «A parábola dos talentos».</p> <p>3.2. Enumera comportamentos que debería realizar cada día para desenvolver as súas capacidades.</p>	<p>CCL, CAA, CSC, CCEC</p>
	<p>BLOQUE I.</p> <p>4. Saber aproveitar ben o tempo e valorar a propia dignidade e a dos demais.</p>	<p>4.1. Describe como investir o tempo para mellorar aspectos da vida persoal.</p> <p>4.2. Participa nun cine-fórum sobre a dignidade humana.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p>
	<p>BLOQUE I.</p> <p>5. Reflexionar sobre os proxectos e valores persoais.</p>	<p>5.1. Expón algunhas ensinanzas para desenvolver un verdadeiro proxecto</p>	<p>CCL, CAA, CSC, CSIEE</p>

		persoal de vida.	
--	--	------------------	--

UNIDADE 3: ACCIÓN HUMANA E MORAL CATÓLICA

1- DESCRICIÓN DA UNIDADE

A unidade presenta como Deus require nosa colaboración no seu plan creador: por medio das nosas accións estamos a participar dunha forma positiva ou negativa no desingnio de Deus. O cristián, desde o exercicio da súa liberdade e o seu compromiso con Deus, cos demais e coa Terra, debe comportarse practicando boas accións e a moral cristiá. O desenvolvemento dunha espiritualidade, similar á de María, e o sentimento de empatía cara aos demais, darannos impulso para adquirir unha moral católica que nos faga sensibles aos problemas do noso mundo.

2- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Concibir o ser humano como colaborador da Creación de Deus.
2. Descubrir as características e os aspectos máis orixinais da moral católica.
3. Comprender e interpretar correctamente o relato bíblico «Xesús de Nazaret e a muller pecadora».
4. Sensibilizarse coa espiritualidade da Virxe María e o sentimento de empatía.
5. Descubrir e aplicar á vida persoal e social o valor da liberdade.

3- CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Ser humano colaborador da creación de Deus. - Características da ética universal e a moral católica. - O relato bíblico «Xesús de Nazaret e a muller pecadora». - A espiritualidade de María de Nazaret e o sentimento de empatía. - O valor da liberdade. 	<p>BLOQUE I.</p> <p>1. Entender o sentido e a finalidade da acción humana.</p>	<p>1.1. Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a Creación.</p> <p>1.2. Deseña, en pequeno grupo, un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúen polo menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo.</p>	<p>CCL, CAA, CSC, CSIEE</p>
	<p>BLOQUE I.</p> <p>2. Distinguir o fundamental e o máis orixinal da moral católica.</p>	<p>2.1. Expresa a diferenza e complementariedade entre a ética universal e a moral cristiá.</p> <p>2.2. Resume o fundamental e o máis orixinal da moral</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p>

		católica.	
	BLOQUE I. 3. Interpretar o relato bíblico «Xesús de Nazaret e a muller pecadora» e algunhas das ensinanzas morais.	3.1. Indica o argumento, as claves de interpretación e algunhas ensinanzas morais que se poden extraer do relato bíblico «Xesús de Nazaret e a muller pecadora».	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE I. 4. Dialogar sobre a espiritualidade cristiá e reflexionar sobre o sentimento de empatía.	4.1. Participa nun debate sobre a espiritualidade cristiá a partir do modelo de María de Nazaret. 4.2. Autoavalía, a partir dunhas claves de interpretación, o grao persoal de empatía.	CCL, CD, CAA, CSC, CCEC
	BLOQUE I. 5. Descubrir e valorar a verdadeira liberdade humana.	5.1. Busca solucións, desde o exercicio da liberdade, a un dilema moral.	CCL, CAA, CSC

UNIDADE 4: REVELACIÓN E RELACIÓN CON DEUS

1- DESCRICIÓN DA UNIDADE

Esta unidade ensínanos que a persoa crente acepta a revelación e a amizade de Deus, e relaciónase con El por medio da súa fe e a oración. Xesucristo é o cumio da revelación de Deus, que se manifesta na historia do ser humano, na nosa historia persoal; de aí que valoremos a importancia da oración para poder relacionarnos con Deus.

2- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Coñecer os principais acontecementos, personaxes e revelacións de Deus na Historia da Salvación.
2. Descubrir como o cristián pode relacionarse con Deus.
3. Interpretar correctamente o relato bíblico «Deus escoita a Hagar e Ismael».
4. Reflexionar de forma persoal sobre a súa espiritualidade e a relación con Deus.
5. Recoñecer o valor que ten para o cristián a oración.

3- CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	CC
----------	-----------	---------------------------	----

	de avaliación	avaliables	
<ul style="list-style-type: none"> - Deus revélase na historia. - O cristián relaciónase con Deus e acepta a súa revelación. - O relato bíblico «Deus escoita a Hagar e Ismael». - O sentimento de reflexión persoal e a espiritualidade de relacionarse con Deus. - O valor da oración. 	<p>BLOQUE II.</p> <p>1. Coñecer e aceptar que Deus se revela na historia.</p>	<p>1.1. Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p>
	<p>BLOQUE II.</p> <p>2. Describir pautas para relacionarse con Deus.</p>	<p>2.1. Describe como se relaciona o cristián con Deus.</p>	<p>CCL, CAA</p>
	<p>BLOQUE II.</p> <p>3. Resumir o relato bíblico «Deus escoita a Hagar e Ismael» e algunhas das ensinanzas que se poden extraer e aplicar hoxe.</p>	<p>3.1. Escribe o argumento, a imaxe de Deus presente no texto e as ensinanzas do relato bíblico «Deus escoita a Hagar e Ismael».</p> <p>3.2. Investiga a biografía e a resposta de fe de dúas mulleres da Biblia.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p>
	<p>BLOQUE II.</p> <p>4. Reflexionar e aprender a relacionarse con Deus.</p>	<p>4.1. Participa nun cine-fórum para aprender a relacionarse con Deus.</p> <p>4.2. Indaga por medio dun cuestionario a súa actual relación con Deus.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p>
	<p>BLOQUE II.</p> <p>5. Descubrir e aprender o valor da oración.</p>	<p>5.1. Participa nun disco-fórum sobre o valor da oración.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p>

UNIDADE 5: REVELACIÓN E FE CRISTIÁ

1- DESCRICIÓN DA UNIDADE

Esta unidade introdúcenos na fe cristiá como resposta ao Deus que se revela na historia para ofrecer a súa amizade, o seu amor e a súa salvación ás persoas. A fe cristiá baséase na existencia histórica de Xesús de Nazaret. Pretendemos desenvolver a espiritualidade e os valores da fe cristiá: as virtudes teoloxais e cardinais.

2- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Concibir a fe como resposta á iniciativa salvífica de Deus.
2. Valorar a importancia da fe cristiá para superar as dificultades da vida e atopar a verdadeira felicidade e a salvación.
3. Interpretar correctamente o relato bíblico «Xesús e o cego Bartimeo».
4. Dialogar sobre o don cristián da fe e aprender a escoitar.
5. Descubrir e aplicar á vida persoal e social os principais valores e virtudes da fe cristiá.

3- CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE

APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - A aceptación da revelación: a fe. - A orixinalidade da fe cristiá. - O relato bíblico «Xesús e o cego Bartimeo». - O don da fe e o sentimento de escoitar. - Os valores da fe cristiá. 	<p>BLOQUE II.</p> <p>1. Comprender e valorar que a fe é a resposta á iniciativa salvífica de Deus.</p>	<p>1.1. Interésase por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus que se revela.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC</p>
	<p>BLOQUE II.</p> <p>2. Expresar a orixinalidade da fe cristiá.</p>	<p>2.1. Identifica a fe cristiá como a fe antropolóxica máis completa e verdadeira.</p> <p>2.2. Expón as súas investigacións bíblicas sobre a fe.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC</p>
	<p>BLOQUE II.</p> <p>3. Expoñer algunhas das principais ensinanzas que se poden extraer do relato bíblico «Xesús e o cego Bartimeo».</p>	<p>3.1. Enumera actitudes e comportamentos que facilitan ou impiden a fe.</p> <p>3.2. Expresa algunha das ensinanzas que se poden extraer para a vida actual do relato bíblico «Xesús e o cego Bartimeo».</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC</p>
	<p>BLOQUE II.</p> <p>4. Dialogar sobre a fe e expresar vivencias sobre o sentimento de escoitar.</p>	<p>4.1. Participa nun debate sobre o don da fe formulado nun disco-fórum.</p> <p>4.2. Escoita e respecta os sentimentos dos demais.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE</p>
	<p>BLOQUE II.</p> <p>5. Expresar os valores e virtudes da fe cristiá.</p>	<p>5.1. Participa nun cine-fórum sobre os valores da fe.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p>

UNIDADE 6: COMO INTERPRETAR A BIBLIA?

1- DESCRICIÓN DA UNIDADE

Nesta unidade introducímonos no coñecemento da Biblia. Nela nárrese a historia de comunicación, amor e salvación que Deus nos revela. Coñecela mellor implica o estudo da súa orixe, composición e interpretación dos Libros Sagrados, así como a reflexión e interiorización do misterio que contén. A aplicación da lectio divina achegaranos máis á mensaxe que Deus nos propón para a nosa historia persoal.

2- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Comprender as principais características xerais da Biblia.

2. Identificar os principais criterios que propón a Igrexa católica para interpretar a Biblia.
3. Interpretar, segundo os criterios que propón a Igrexa católica, o relato bíblico de «A historia de Xonás».
4. Experimentar a lectio divina e expresar o sentimento de comunicarse.
5. Descubrir e aplicar á vida persoal e social o valor da amizade.

3- CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Características xerais e clasificación dos libros da Biblia. - Orixe, composición e interpretación dos Libros Sagrados. - O relato bíblico «A historia de Xonás». - A Lectio Divina e o sentimento de comunicarse. - O valor da amizade. 	<p>BLOQUE II.</p> <p>1. Coñecer e definir a estrutura e organización da Biblia.</p>	<p>1.1. Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sagrados mostrando interese pola súa orixe divina.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p>
	<p>BLOQUE II.</p> <p>2. Coñecer e respectar os criterios do maxisterio da Igrexa en torno á interpretación bíblica.</p>	<p>2.1. Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na dei verbum en torno á interpretación da Biblia valorándoos como necesarios.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC</p>
	<p>BLOQUE II.</p> <p>3. Interpretar o relato «A historia de Xonás», seguindo os criterios católicos..</p>	<p>3.1. Expón a interpretación e as ensinanzas do relato «A historia de Xonás».</p>	<p>CCL, CAA</p>
	<p>BLOQUE II.</p> <p>4. Descubrir os bos sentimentos que produce dialogar con Deus por medio da Biblia.</p> <p>5. Recoñecer na inspiración a orixe da sacralidade do texto bíblico.</p>	<p>4.1. Segue unhas pautas e practica a lectio divina.</p> <p>5.1. Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, xustificando no grupo a selección dos textos.</p>	<p>CCL, CAA, CSC, SIEP</p>
	<p>BLOQUE II.</p> <p>6. Describir valores e calidades da verdadeira amizade.</p>	<p>6.1. Participa nun debate sobre os valores e calidades da amizade.</p>	<p>CCL, CAA, CSC</p>

UNIDADE 7: O DEUS CRISTIÁN

1- DESCRICIÓN DA UNIDADE

Esta unidade pretende mostrar que o Deus que se revela en Xesucristo é un Deus un e trino, un Deus persoal que ama, axuda e se relaciona con cada persoa. Tamén presenta a orixinalidade do Deus cristián comparándoo con outras relixións. Concluiremos mostrando que a fe no Deus cristián axuda a valorar a propia identidade como persoa e fillo de Deus.

2- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Coñecer as principais verdades da fe cristiá sobre a Santísima Trindade.
2. Comparar a orixinalidade do Deus trino do cristianismo coa experiencia de Deus noutras relixións, especialmente con respecto ao xudaísmo e ao islamismo.
3. Apreciar os valores morais e relixiosos que se poden extraer do relato bíblico «A parábola do fillo pródigo».
4. Desenvolver a espiritualidade e o sentimento cristián interiorizando as calidades do Deus un e trino na súa personalidade.
5. Descubrir e aplicar na vida persoal e social o valor da identidade persoal.

3- CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Xesucristo revela a Deus como Trindade. - Orixinalidade do Deus cristián. - O relato bíblico «A parábola do fillo pródigo». - Calidades de Deus un e trino e o sentimento cristián. - O valor da fraternidade. 	<p>BLOQUE III.</p> <p>1. Mostrar interese por recoñecer o carácter relacional da divindade na revelación de Xesús.</p>	<p>1.1. Coñece e describe as características do Deus cristián.</p> <p>1.2. Le relatos mitolóxicos, localiza trazos das divindades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián.</p>	CCL, CD, CAA, CSC, SIEP, CCEC
	<p>BLOQUE III.</p> <p>2. Descubrir a orixinalidade do Deus cristián respecto ás outras relixións monoteístas.</p>	<p>2.1. Compara a orixinalidade do Deus trino do cristianismo coa experiencia de Deus noutras relixións.</p>	CCL, CAA, CSC
	<p>BLOQUE III.</p> <p>3. Describir o argumento, claves de interpretación e ensinanza principal do relato bíblico «A parábola do fillo pródigo».</p>	<p>3.1. Explica o argumento e ensinanza principal do relato bíblico «A parábola do fillo pródigo».</p> <p>3.2. Analiza e extrae conclusións dun vídeo sobre a relación con Deus.</p>	CCL, CD, CAA, CSC
	<p>BLOQUE III.</p> <p>4. Desenvolve a</p>	<p>4.1. Investiga na Biblia sobre os atributos do Deus cristián.</p>	CCL, CD,

	<p>espiritualidade a partir dos atributos de Deus e experimenta o sentimento do amor cristián.</p>	<p>4.2. Interioriza atributos de Deus e desenvolve a espiritualidade.</p> <p>4.3. Participa nun disco-fórum sobre o sentimento cristián.</p>	<p>CAA, CSC, CCEC</p>
	<p>BLOQUE III.</p> <p>5. Vincular o sentido comunitario da Trindade coa dimensión relacional humana.</p> <p>6. Comprender o valor da identidade persoal.</p>	<p>5.1. Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita o outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus.</p> <p>6.1. Participa nun cine-fórum sobre Xesús, como o maior exemplo de identidade persoal.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p>

UNIDADE 8: FE, CREDO E VIDA ETERNA

1- DESCRICIÓN DA UNIDADE

A unidade introduce no coñecemento do Credo, como síntese da acción salvífica de Deus na historia; e nas verdades que contén sobre a escatoloxía cristiá. Os relatos bíblicos sobre a vida eterna han de conducir a que experimenten o sentimento de recollemento e paz interior. Para iso propónse o valor de cambiar e empezar unha nova vida, con novos e mellores valores, actitudes, sentimentos...

2- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Concibir o Credo como síntese da acción salvífica de Deus na historia.
2. Interpretar correctamente as principais verdades de fe sobre a vida eterna.
3. Comprender o significado e simboloxía do relato bíblico «O Xuízo Final e definitivo».
4. Coñecer e meditar os textos bíblicos sobre a vida eterna desde o sentimento de recollemento.
5. Descubrir e aplicar á vida persoal e social o valor de compartir.

3- CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<p>- O Credo, síntese da acción salvífica de Deus na historia.</p> <p>- Características e verdades de fe da</p>	<p>BLOQUE III.</p> <p>1. Descubrir o carácter histórico da formulación do Credo cristián.</p> <p>2. Recoñecer as verdades da fe</p>	<p>1.1. Confecciona materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e relaciónaos coas verdades de fe formuladas no Credo.</p>	<p>CCL CD CAA CSC CCEC</p>

escatoloxía cristiá. - O relato bíblico «O Xuízo Final e definitivo». - Os textos bíblicos sobre a vida eterna e o sentimento de recollemento. - O valor de cambiar.	cristiá presentes no Credo.	2.1. Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado.	
	BLOQUE III. 3. Resumir as principais verdades da fe cristiá sobre a vida eterna.	3.1. Define o que é a escatoloxía cristiá e as verdades de fe da resurrección, o ceo e o inferno.	CCL CD CAA CSC
	BLOQUE III. 4. Comprender o significado e as claves necesarias para interpretar correctamente o relato bíblico «O Xuízo Final e definitivo».	4.1. Describe o significado e principal ensinanza do relato bíblico «O Xuízo Final e definitivo».	CCL CD CAA CSC CCEC
	BLOQUE III. 5. Reflexionar sobre a vida eterna desde o sentimento de recollemento.	5.1. Investiga coa Biblia e extrae conclusións sobre a vida eterna. 5.2. Dialoga sobre o sentimento de recollemento e paz interior.	CCL CD CAA CSC CSIEE
	BLOQUE III. 6. Concienciarse sobre o valor da conversión cristiá.	6.1. Participa nun cine-fórum sobre o valor e a experiencia de cambiar de vida.	CCL CD CAA CSC CCEC

UNIDADE 9: A IGREXA CATÓLICA

1- DESCRICIÓN DA UNIDADE

A unidade presenta os contidos e claves para comprender as características e expansión da Igrexa católica a partir de Xesucristo, o seu fundador. Descubriremos como, desde a misión que o propio Cristo lle encomendou á Igrexa, debemos vivir e potenciar en nós os valores da sociabilidade e a solidariedade, como parte da identidade do bautizado.

2- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Relacionar a Xesucristo como fundador da Igrexa e da súa actividade misioneira.
2. Identificar o misterio e as principais características da Igrexa católica.
3. Interpretar correctamente o relato bíblico «A parábola dos xornaleiros da viña».
4. Desenvolver e expresar o sentimento e o valor da sociabilidade a partir dunha canción relixiosa.
5. Descubrir e aplicar á vida persoal e social o valor da solidariedade.

3- CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Expansión da igrexa, as primeiras comunidades. - As notas da Igrexa. - O relato bíblico «A parábola dos xornaleiros da viña». - Espiritualidade do canto relixioso e sociabilidade. - O valor da solidariedade. 	<p>BLOQUE IV.</p> <p>1. Comprender a expansión do cristianismo a través das primeiras comunidades cristiás.</p>	<p>1.1. Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características.</p> <p>1.2. Reconstrúe o itinerario das viaxes de San Paulo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CCEC</p>
	<p>BLOQUE IV.</p> <p>2. Xustificar que a Igrexa é unha, santa, católica e apostólica.</p>	<p>2.1. Describe e valora a raíz da unidade e santidad da Igrexa.</p> <p>2.2. Elabora materiais, utilizando as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, onde se reflicte a universalidade e apostolicidade da Igrexa.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC</p>
	<p>BLOQUE IV.</p> <p>3. Narrar o argumento e extraer unha ensinanza persoal do relato bíblico «A parábola dos xornaleiros da viña».</p>	<p>3.1. Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «A parábola dos xornaleiros da viña».</p> <p>3.2. Investiga coa Biblia sobre a misión da Igrexa.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC</p>
	<p>BLOQUE IV.</p> <p>4. Desenvolver o sentimento de espiritualidade por medio dunha canción relixiosa e de sociabilidade.</p>	<p>4.1. Participa nun disco-fórum sobre o tema «Pescador de homes».</p> <p>4.2. Avalía e reflexiona sobre o seu grao de sociabilidade e convivencia.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE</p>
	<p>BLOQUE IV.</p> <p>5. Experimentar o valor da solidariedade.</p>	<p>5.1. Analiza, toma conciencia e aplica o valor da solidariedade.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC</p>

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA:

- Recoñecer a persoa humana como criatura de Deus, libre e intelixente.
- Descubrir o fundamento da dignidade do ser humano como criatura de Deus.
- Concibir o ser humano como colaborador da Creación de Deus.
- Concibir a fe como resposta á iniciativa salvífica de Deus.
- Comprender as principais características xerais da Biblia.
- Coñecer as principais verdades da fe cristiá sobre a Santísima Trindade.
- Concibir o Credo como síntese da acción salvífica de Deus na historia.
- Relacionar a Xesucristo como fundador da Igrexa e da súa actividade misioneira.

TEMPORALIZACIÓN:

Esta temporalización variará dependendo do desenvolvemento da actividade normal do Centro e das actividades organizadas polos distintos Departamentos.

Avaliación	Bloque de Contido	Unidade Didáctica
2º ESO		
1ª Avaliación	1- O sentido relixioso do home	1- Deus, persoa e relixión 2- Dignidade e vida cristiá
	2- A revelación: Deus intervéñ na historia	3- Acción humana e moral católica
	3- Xesucristo, cumprimento da historia da Salvación	4- Revelación e relación con Deus
2ª Avaliación	3- Xesucristo, cumprimento da historia da Salvación	5- Revelación e fe cristiá 6- ¿Como interpretar a Biblia?
3ª Avaliación	4- Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa	7- O Deus cristián 8- Fe, Credo e vida eterna 9- A Igrexa católica

6 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Para alcanzar os obxectivos, as competencias e a aprendizaxe dos contidos, cómpre optar por unha metodoloxía que axude a alcanzar tales metas. A metodoloxía do presente proxecto de Relixión Católica baséase nos Obxectivos Xerais da LOE e no Real decreto para a Educación Secundaria Obrigatoria; nas estratexias de metodoloxía didáctica do currículo de Relixión Católica para a Educación Secundaria Obrigatoria (2015), e nas achegas específicas da Pedagogía e Didáctica Relixiosa.

Froito destas opcións, son os seguintes principios metodolóxicos desde os cales se deseñaron cada unha das unidades didácticas e dos elementos que as compoñen: obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, metodoloxía, actividades de ensinanza-aprendizaxe e avaliación:

1. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o proceso psicoevolutivo do alumnado: idade, desenvolvemento psicolóxico, social, moral, familiar e relixioso. Así o explicita o currículo:

«Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes, respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais» (Currículo, 2015).

2. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión debe deseñarse e desenvolverse desde a concepción dunha aprendizaxe significativa, por competencias, e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples.

O desenvolvemento do coñecemento sobre a base de aprendizaxes significativas e de calidade, supón que o alumnado relaciona o que aprende cos conceptos que xa posúe e coas experiencias que ten. Así, dálle significado ao material que é obxecto

de aprendizaxe e constrúe os seus propios coñecementos. A aprendizaxe significativa implica unha memorización comprensiva do que se aprende, supón unha reflexión crítica por parte do alumnado e comporta unha funcionalidade: o que o alumno e a alumna aprendeu sévelle para efectuar novas aprendizaxes e enfrontarse a novas situacións. Para que se realice este tipo de aprendizaxe, o profesorado debe partir da preparación dos estudantes e dos seus coñecementos previos, o obxecto de aprendizaxe debe ser coherente e lóxico (o alumnado debe poder atribuírle significado e integralo na súa estrutura cognoscitiva) e, ademais, os estudantes deben estar motivados para realizar a aprendizaxe.

A opción dunha metodoloxía baseada nunha aprendizaxe significativa, por competencias e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples, leva consigo unha ensinanza da Relixión Católica «desde» e «para» a vida persoal, cidadá, social, moral, relixiosa e eclesiástica.

«Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes, así como dos seus coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa» (Currículo, 2015).

3. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna, e as súas experiencias e centros de interese: as necesidades fisiolóxicas, psicolóxicas, sociais, intelectuais, morais, relixiosas e de sentido á vida do alumnado. Os centros de interese son os intereses «naturais» ou «artificiais» que se utilizan no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Concrétanse nos feitos de experiencia persoal da vida cotiá (problemas, interrogantes, aspiracións, fracasos, necesidades, noticias...). Desde eles motívase o estudante, partindo da súa vida, para traballar os contidos e as competencias como respostas ás súas necesidades e experiencias.

«Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental» (Currículo, 2015).

4. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as narracións bíblicas, os relatos sagrados das relixións, as historias da vida diaria e a literatura. Cada unidade inclúe, en relación co bloque e cos contidos, curiosidades, datos estatísticos, noticias da actualidade, feitos cotiáns do alumnado, testemuños de persoas exemplares, contos, historias literarias e historias da Biblia e doutros libros sagrados, etc.

Esta opción produce na aula unha gran motivación debido a que utiliza a linguaxe específica da transmisión das relixións, especialmente da relixión cristiá, así como polas vantaxes que lle proporciona ao alumnado:

- A) Experiencias de educación no sentido da vida.
- B) Promover as bases para o desenvolvemento das principais competencias e capacidades humanas.
- C) Desenvolver ensinanzas e experiencias cognitivas, morais e afectivas sobre as principais virtudes e valores cívicos, morais e relixiosos.

D) Desenvolver unha cultura bíblica integral no alumnado.

E) Fortalecer a intelixencia espiritual e a intelixencia emocional desde a realidade persoal de cada alumno e alumna.

5. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde a interdisciplinabilidade polas súas propias características. O estudo do feito relixioso e cristián leva consigo unha relación coas diferentes áreas curriculares. Para desenvolver tal interdisciplinabilidade, diversas actividades están deseñadas para ser realizadas en colaboración con outras áreas curriculares.
6. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para promover o diálogo da fe cristiá coas relixións e coa cultura actual. A clase de Relixión Católica deberá establecer un diálogo coa realidade relixiosa e sociocultural do ámbito, para amosar a influencia mutua entre o feito relixioso xeral e cristián e a cultura occidental. Preténdese valorar, á luz da fe cristiá, os valores, as ideas e os modelos de comportamento da cultura actual; á vez que se reinterpretarán as fórmulas, os ritos, os símbolos e os comportamentos relixiosos á luz dos valores e dos antivalores máis influentes na vida cotiá.
7. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para capacitar o alumnado a ver, xulgar e actuar sobre si mesmo, os demais, a sociedade e o medio. Por iso, diversas actividades están elaboradas de forma que o alumnado practique a metodoloxía específica que utiliza a Igrexa católica ante os problemas sociais e ambientais: ver, xulgar e actuar sobre as persoas, a sociedade e o medio para melloralos.
8. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para promover o protagonismo e a actividade do alumnado. Así, o alumno ou alumna é o autor da súa propia aprendizaxe e é quen de desenvolver as súas competencias. Deles xorde a forza interior para desenvolver as súas capacidades, as súas intelixencias múltiples e o poder para realizarse como persoas. A función do profesor ou da profesora é facer de mediador, facilitador, orientador e guía para que o alumnado encontre os instrumentos que lle axuden a aprender a aprender e a descubrir por si mesmo.
9. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde unha pluralidade de metodoloxías e unha diversidade de actividades. Nas unidades e nos materiais complementarios conxugáronse as actividades cooperativas e de socialización coas de individualización. Non é compatible unha metodoloxía pechada ou única baixo os principios derivados da educación personalizada, a aprendizaxe por competencias ou a pedagogía relixiosa. A metodoloxía debe ser aberta, pois cada alumno ou alumna é un mundo e cada un deles pode supoñer unha adaptación específica.

Debemos darlle moita importancia á diversidade e á inclusión de todo o alumnado na aula. Nestas idades fanse notables as súas diferenzas, as cales se van reflectir nas súas diversas capacidades, motivacións, centros de interese, graos de creatividade... Por iso, as actividades serán algunhas veces individuais e outras de parella ou grupais. Como resposta para o tratamento da diversidade, o profesorado deixará liberdade para que cada alumno poida elixir a modalidade de realización da actividade. Por exemplo, se se tratase de resumir un tema, poderase facer por

medio dun mapa conceptual, dun resumo ou dunha definición coa súa explicación correspondente. Cada alumno e alumna, segundo as súas calidades e intereses, elixirá a modalidade que máis lle guste.

Entre a diversidade de materiais, técnicas e actividades máis específicas da área de Relixión, están as investigacións; os comentarios de texto; os libros de consulta; as actividades de lectura e comprensión lectora; os estudos monográficos; os traballos de campo: entrevistas, reportaxes, etc.; os xogos didácticos; os vídeos ou outros elementos audiovisuais; as mesas redondas; o uso de programas de ordenador; os coloquios; os debates; os murais ou os carteis...; a expresión corporal; os debuxos; os cómics; os comentarios de prensa; a televisión; a publicidade; a dinámica de grupos; o teatro; as actividades cooperativas; a observación da realidade; a busca de información; o manexo e interpretación da Biblia; a reflexión crítica e a exposición e argumentación respectuosa das crenzas relixiosas propias e alleas; o cine-fórum; o disco-fórum; a expresión de sentimentos; a práctica de valores; os exercicios de interioridade; as actividades TIC, etc.

Entre a diversidade de métodos que se deben utilizar na clase de Relixión están:

- O dialóxico (centrado no diálogo sobre as experiencias de vida e a aprendizaxe dos contidos).
- O indutivo (partir do particular e próximo ao alumnado para, por medio de conceptualizacións cada vez máis complexas, rematar no xeral).
- O dedutivo (partir do xeral para concluír no particular, no ámbito e na experiencia máis próxima do alumnado).
- O indagatorio (por medio da explicación e da aplicación do método científico).
- O activo (por medio da realización o alumnado da maior parte das actividades de clase).
- O explicativo (por medio das estratexias da explicación).
- O mixto (combinar nunha mesma unidade diversos métodos).

Este proceso, os métodos e as actividades deben ir acompañados por unha avaliación integral de todo e todos: unha avaliación inicial ou diagnóstica, unha avaliación continua ou formativa, e unha avaliación final ou sumativa.

«Seguimento dos criterios de avaliación educativa. Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos, aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Ao rematar o proceso, levarase a cabo unha avaliación sumativa, de maneira que se avalíe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garantirá unha valoración adecuada da dedicación, do esforzo e do rendemento de todos os estudantes» (Currículo, 2015).

10. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para a adquisición dunha síntese científica e teolóxica dos principais conceptos, procedementos e valores do feito relixioso, cristián e católico: trátase de capacitar o alumnado en opinión, información, formación e educación relixiosa xeral e católica.
11. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para que o alumnado coñeza e practique as linguaxes relixiosas e da fe cristiá: a linguaxe simbólica, a bíblica, a doutrinal, a litúrxica e a moral ou testemuñal.

12. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para o humanismo: «Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A materia de Relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes instrumentais, cognitivas, actitudinais e socio-afectivas non sexan consideradas un fin en si mesmas, senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano» (Currículo, 2015).
13. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o traballo cooperativo: «Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativa. O estudo e a reflexión do cristianismo, pola súa intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa» (Currículo, 2015).
14. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as TIC: «Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. A ensinanza da Relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e da comunicación, non só dun xeito instrumental, que resulte útil para o estudante na busca de información ou na resolución de problemas considerados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e da identidade persoal que hai que aprender a dominar» (Currículo, 2015).

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Disporemos de diversos materiais e múltiples recursos que posibilitarán a realización das actividades programadas, tanto individuais como en grupo. Non empregaremos libros de texto.

Ofreceremos múltiples posibilidades para motivar aos nosos alumnos que teñen distintas afeccións e intereses.

O curso comezarase explicándolle ao alumnado o funcionamento da **Aula Virtual** do centro e a súa importancia durante o ano escolar que está comezando. Crearase un curso para este nivel ao que se subirán, de maneira xeral e habitual, materiais de todo tipo para apoio e reforzo da materia, así como diferentes tarefas que o alumno terá que presentar a través desta plataforma. **A entrega de ditas tarefas terá un prazo e horario pechados e só se poderán enviar a través deste medio no formato pdf.** A corrección dos traballos presentados realizarase na aula.

No caso dunha **nova situación de confinamento** e conseguinte ensino telemático, a Aula Virtual será o medio empregado para subir materiais e tarefas para o alumnado, sempre con prazo pechado de entrega.

Nunha posible situación de **ensino semipresencial**, empregaranse as clases ordinarias para a explicación dos contidos e aclaración de dúbidas e a Aula Virtual para o envío de materiais de apoio e reforzo, así como das tarefas sobre os temas

explicados. O alumnado terá que realizar ditas tarefas na súa casa, no periodo no que non teña clases presenciais e envialas a través da plataforma virtual no prazo fixado.

Non se recollerán tarefas fóra do prazo marcado nin entregadas por medios diferentes á Aula Virtual.

Polo tanto, todos os materiais e recursos estarán canalizados a través del Aula Virtual do centro onde estará rexistrado todo o alumnado nos seus respectivos cursos e grupos.

Para a realización das actividades é importante que os alumnos utilicen(de xeito telemático) para a súa consulta :

- Biblia Didáctica da Ed. S. M.
- Libros de lectura adecuada á súa idade.
- Atlas histórico e xeográfico
- Mapas temáticos
- Cartafol educativo de Mans Unidas, Entreculturas, Redes, Cáritas.
- Proxección de vídeos e filmes.
- Análise de cancións e artigos de xornais e revistas.
- Uso de recursos web de interese en Internet.

Pode recomendárselle o visionado de algunhas películas ou reportaxes

Películas propostas	
Curso	Título
1º ESO	Un sueño posible
	Los titanes hicieron historia
2º ESO	Diarios de la calle
	Huracán Carter
	Cadena de favores
3º ESO	Quiero ser como Beckham;
	Keeping the faith; El pianista; La lista de Schlinder; La vida es bella
	Sólo un beso; Oriente es Oriente; El señor Ibrahim y las flores del Corán
4º ESO	Quo Vadis?; Ágora; Ben Hur
	El reino de los Cielos; El nombre de la Rosa
	La Misión; Lutero

8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Na ESO avalíase todo o proceso de ensino e aprendizaxe. Máis que avaliar o rendemento do alumno, trátase de comprobar en que grao o proceso de aprendizaxe

fíxolle progresar no desenvolvemento das capacidades e competencias expresadas nos devanditos obxectivos.

Polo tanto, respecto aos criterios de cualificación, valorarase (sempre que o proceso sexa **presencial**):

○ Relativos a técnicas e hábitos de estudo (80%):

- A realización das tarefas que o profesor manda para casa e a valoración positiva de traballos por iniciativa propia.
- A destreza na elaboración de esquemas, síntese, resumos e traballos bibliográficos..

○ Relativo á presentación das tarefas requiridas (10%) :

- Levar ao día e entregar con puntualidade os traballos da materia.
- Esmero na presentación do caderno e traballos.
- A corrección na organización e estrutura do caderno de clase.
- Observar boa caligrafía e limpeza no traballo de clase e demais traballos

○ Relativo ao comportamento, actitude e asistencia (10%):

- A disposición de traballo activa e participativa (en calidade de membro ou voceiro) no grupo.
- A asistencia con regularidade a clase cos materiais necesarios.
- Manter en clase unha conduta correcta.
- Respecto aos compañeiros, profesores, instalacións e materiais do instituto.

-No caso de que a circunstancia provocada pola Covid cause que o proceso educativo sexa **telemático por confinamento**, os criterios de cualificación basearíanse, fundamentalmente ao 100%, na entrega das tarefas a través da Aula Virtual do centro dentro do límite de tempo requirido e no formato solicitado(pdf), tendo en conta os resultados de ditas tarefas. **A ensinanza non presencial será available.**

-No caso de que a Autoridade sanitaria acorde unha **corentena** de aula ou de alumnado de nivel por un período curto de tempo se seguirá o plan de continxencia do centro e se usarán os recursos e materiais antes sinalados. **O alumnado está obrigado durante o período de confinamento a seguir as instrucións da profesora a través da Aula Virtual onde iránse impartindo os contidos e as tarefas que terán que ser entregadas nas datas establecidas.**

A promoción do alumnado está determinada pola normativa e polos criterios acordados no centro.

Con respecto á perda de avaliación continua nos remitimos ao NOF do centro e á lexislación vixente

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A partir do traballo cos desempeños competenciais obteranse diversas evidencias de aprendizaxe, vinculadas aos estándares que inclúe o currículo de cada materia. Para rexistralas, utilizaremos portfolio de aprendizaxe na aula, o que fai necesario que, ao longo das distintas unidades didácticas, se planifique a realización e recollida de probas que mostren o nivel de consecución do estándar, así como a súa evolución ao longo do curso.

O portfolio é unha ferramenta de avaliación do proceso de aprendizaxe que consiste fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución de cada alumno e alumna. Cada evidencia debe incorporar unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou en formato dixital.

As evidencias que podemos recoller na área poden obterse a partir de:

- Actividades do libro do alumnado ou da guía que traballen explicitamente os estándares definidos na unidade.
- Mapas mentais ou conceptuais elaborados polos alumnos e polas alumnas.
- Produtos de aprendizaxe deseñados para poder aplicalos en tarefas realizadas nun contexto real; por exemplo: unidades de medida deseñadas por eles, o deseño dun obxecto con figuras xeométricas, murais, traballos de aplicación das tarefas, etc.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Problemas de aplicación de contidos nos que é necesario o desenvolvemento do razoamento lóxico.
- Ferramentas de autoavaliación e coavaliación do traballo na aula.

Os indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente serán o número de aprobados e suspensos da materia así como a comprensión dos conceptos, adquisición de destrezas e competencias clave, así como os indicadores do tratamento da diversidade no grupo, da planificación que da materia e as clases fai o profesor, da motivación do alumnado, do desenvolvemento do ensino e do seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe mediante a autoavaliación de cada docente, explicitados en diferentes rúbricas e rexistros.

Indicadores de planificación:

1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6. Establece os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

Indicadores de motivación do alumnado:

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.

2. Propón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.
7. Promove a reflexión dos temas tratados.

Indicadores de desenvolvemento do ensino:

1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesoramento dentro e fóra das clases.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
8. Propón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
9. Propón actividades grupais e individuais.

Indicadores de seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe:

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa con frecuencia os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.

AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Os contidos exixibles para a superación da materia pendente son os mesmos que para a superación da materia en curso.

O programa de reforzo para recuperar as materias pendentes de cursos anteriores consistirá na realización de actividades das unidades didácticas da programación elaborada que serán entregados ó profesor en cada avaliación (caderniño de pendentes), as cales servirán como actividades de avaliación continua.

No caso de non entregar as actividades de avaliación continua, deberá realizarse unha proba escrita acerca dos contidos ao final de cada trimestre. Se non as supera terá, a final de curso, outra proba ou entrega de traballos relacionados cos temas correspondentes.

Se o/a alumno/a non acadara os obxectivos mínimos ao longo do curso, non aprobando a materia na convocatoria ordinaria de xuño, terá que presentarse a unha proba escrita na convocatoria extraordinaria a finais de xuño.

Todas as tarefas de seguimento, recuperación ou avaliación da materia pendente realizarase no seu caso a través da Aula Virtual do centro.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial é a que se realiza na primeira semana do curso consiste na recolleita de datos tanto de carácter persoal como académico na situación de partida coa finalidade de iniciar o proceso educativo cun coñecemento real das características de todos e cada un dos alumnos, o que debe permitir elaborar axustes curriculares individualizados para a elaboración do plan de reforzo e atención á diversidade partindo dos:

- **Informes de avaliación individualizada do curso anterior do curso anterior.**
- **Aprendizaxes non adquiridas en relación coas competencias**
- **Situación persoal do alumno/a.**
- **Resultados da avaliación inicial.**

Os instrumentos da avaliación inicial serán:

- Observación no aula os primeiros días de clase
- Cuestionarios elaborados pola profesora.
- Análises de producións realizadas polo alumnado: resumos, cadernos, probas orais, exercicios,..

12. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR (na ESO)

Elaboraranse programas para o alumnado repetidor baseados nos seguintes puntos:

- Seguimento, asesoramento, e atención personalizada
- Superación das dificultades detectadas no curso anterior
- Compensación de dificultades de aprendizaxe ou outros problemas.

13 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dado que os alumnos non son todos iguais nin seguen un mesmo proceso de aprendizaxe, han de realizarse as adaptacións curriculares que se necesiten ao longo do curso.

En consecuencia, teranse en conta aqueles alumnos que necesiten un tratamento especial, por estar catalogados como ACNEES (Alumnos Con Necesidades Educativas Especiais), unha vez recoñecidos a partir da avaliación inicial e da información dada polo Departamento de Orientación.

Evidentemente traballaremos parellos co diagnóstico psicolóxico e pedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e cos profesores de Pedagogía Terapéutica.

Tendo isto en conta, e mais a descrición do grupo despois da avaliación inicial e a detección das necesidades individuais, estableceranse as adaptacións curriculares oportunas en cada caso, e coidarase que **todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.**

Deseñaranse e desenvolveranse plans de recuperación dos aspectos curriculares afectados no curso anterior, incluíndo neles medidas de atención á diversidade en xeral e en particular as referidas ao alumnado.

Simplificar ao máximo os contidos mínimos que han de conseguir co obxecto de que poidan asimilalos de forma positiva. Nos casos en que sexa necesario, utilizarase o material curricular da materia do nivel de Educación Primaria que máis se adecúe a cada caso particular.

- Ofrecer algúns textos, gráficos e obras de arte de fácil comprensión dos contidos de Relixión que lles axuden a conseguir os obxectivos propostos.
- Atención máis personalizada con estes alumnos e unha atención especial ás súas necesidades en cada momento do curso.

En calquera caso organizaranse as unidades didácticas de forma que, en calquera momento, pódase insistir en contidos ou aspectos non asimilados suficientemente. Así, distribuiranse as actividades en tres niveles:

- Actividades basee: serán desenvolvidas por todos os alumnos.
- Actividades de reforzo e recuperación: a súa finalidade é recuperar e reforzar aqueles contidos fundamentais non asimilados, ben individualmente ben por un grupo maioritario.

- Actividades de profundización e investigación: nas que os alumnos poidan profundar contidos xa traballados en clase. Parte importante será o traballo cooperativo en grupo, no que os/as alumnos/as pódanse axudar mutuamente.

Buscaranse variedade de formas e instrumentos de avaliación para posibilitar aos alumnos que elixan aqueles que máis se adecúen ás súas propias capacidades.

14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN

Traballaremos en cada curso os mesmos elementos transversais porque son valores irrenunciáveis no ensino da Relixión Católica pero, lóxicamente,

adaptados ao nivel de cada grupo e, dentro de cada grupo, axeitados ás necesidades do alumnado pois hai graduacións diversas no desenvolvemento dos estudantes. Os elementos transversais coa súa concreción son:

1 e 2. Comprensión Lectora e á Expresión oral e escrita

-As habituais prácticas do Plan Lector do Centro.

-Practicar constantemente estes dous elementos tanto na lectura de textos bíblicos como de documentos tanto en medios dixitais como en papel.

-Escoitar, dialogar, debater e expresar con total respecto nas interaccións entre iguais e co profesor/a.

3. Comunicación Audiovisual

-Dialogar, debater e expoñer temas, xuízos e opinións, respectando as regras propias do intercambio comunicativo e procurando non ferir a sensibilidade dos demais, adquirindo unha actitude crítica construtiva ante as crenzas, ideoloxías e maneira de ser dos demais.

-Buscar solucións para chegar a aceptar e valorar aos demais e chegar a superar os conflitos que xorden nas relacións cotiás analizando posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: diálogo, aceptación, respecto, perdón.

4. Educación nas tecnoloxías da comunicación e información

-Tomar conciencia dos beneficios e das vantaxes que nos achega a tecnoloxía, favorecer o progreso e responsabilizarnos para que este continúe para ben da humanidade.

-Valorar os beneficios que achega a tecnoloxía da información e valorar todos aqueles adiantos tecnolóxicos e científicos que axudan á realización da persoa e ó benestar da sociedade.

-Descubrir e valorar as persoas que colaboran coa creación a través dos descubrimentos e avances tecnolóxicos e científicos.

5. Emprendemento

-Valorar os produtos con obxectividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.

-Descubrir e analizar a influencia que os medios económicos teñen sobre as persoas en relación coa sociedade e tomar unha postura crítica ó respecto.

-Analizar feitos que fan referencia á sociedade desde unha visión cristiá. Coidar e favorecer todo o que axude a unha repartición equitativa dos bens da terra.

6. Educación cívica:

-Descubrir os valores que xorden do Evanxeo e que comprometen o cristián a colaborar no ben da sociedade e adquirir actitudes solidarias e comprometidas.

-Analizar o grao de responsabilidade persoal e doutras persoas ante a familia, a sociedade, o mundo e a Creación.

-Recoñecer os valores éticos e morais que existen nas diversas relixións, valoralos e facer un paralelismo cos que xorden do Evanxeo de Xesús.

-Descubrir a maneira de colaborar xuntos na edificación da sociedade e valorar o labor da Igrexa e doutras institucións que colaboran desinteresadamente no ben dos demais.

-Reflexionar e analizar as causas que provocan situacións de marxinación e de inxustiza social e chegar a sensibilizarse ante as necesidades e ante os problemas dos demais.

7. Prevención da violencia.

-Interesarse por coñecer, respectar e apreciar os compañeiros e compañeiras independentemente do seu sexo e da súa aparencia.

-Colaborar con todas as persoas sexan dun ou doutro sexo.

-Analizar o grao de aceptación ou rexeitamento que existe cara ás persoas de distinto sexo e buscar solucións ó respecto.

-Amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.

-Descubrir e rexeitar as posturas extremas (machismo e feminismo) e valorar os demais indiscriminadamente.

15. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

O obxectivo central do Plan Lector é contribuír ao desenvolvemento da autonomía dos estudantes para apropiarse dos métodos e medios que lles permita desenvolver a súa comprensión lectora, procesar información en calquera soporte, atribuírle significado, construír textos e comunicar resultados; en suma, xestionar a súa lectura persoal ata convertela nunha actividade permanente.

A materia de Relixión participará activamente no Plan Lector do propio Centro coa dinámica que se estableza para este curso 2022-2023 así como nas actividades propostas polo equipo da Biblioteca e o PLAMBE.

Entre as accións a realizar neste contexto salientaremos:

- Exercicios e prácticas de comprensión lectora da Biblia e dos seus xéneros literarios con textos axeitados que motiven aos alumnos a ler con agrado, lectura de biografías de personaxes fundamentais do cristianismo e da humanidade, lecturas de Encíclicas, lectura sobre unha selección de temas de actualidade, textos sinodais, preguntas sobre o lido, extracción da idea principal, realización de exposicións escritas do texto traballado, resumos, esquemas, utilización de enciclopedias, dicionarios, periódicos. Todo iso axeitadamente á idade e capacidades dos alumnos.
- Os alumnos de todos os cursos deberán escoller un libro dos propostos e entregar unha valoración voluntaria do mesmo; todos eles forman parte dos fondos do Departamento de Relixión e atópanse na biblioteca do Centro . Terán a opción de elixir libros fóra dos ofertados. Todas as semanas dedicárase un tempo na aula para que cada un comparta coa clase o que máis lle interesa do libro que está a ler como forma de motivar ao resto dos compañeiros acerca dos textos comentados.

Lecturas Recomendadas	
	Memorias de una rebelde (Mamen del Cuvillo)

	Trueno (William Amstrong)
	¿Quieres ser mi amiga? Galit Fink; Mervet Akram Shaban
	De Victoria para Alejandro (M ^a Isabel Molina)
	Pájaro sin hogar (Gloria Whelan)
	La mirada (Carlos Puerto)
	El portero de hockey (Rodrigo Muñoz Avia)
	De todas maneras (Christine Nostlinger)
	Enganchado (Angélika Mechtel)
	Las babuchas de Abu Kassim y otros cuentos árabes sobre el destino (Julio Peradejordi)
	El viaje de Teo (Catherine Clement)

16. FOMENTO DAS TIC

As tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) son un conxunto de técnicas, desenvolvementos e dispositivos avanzados que integran funcionalidades de almacenamento, procesamento e transmisión de datos.

O tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar, valorar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas.

Dentro da área de Relixión Católica fomentarase o uso das TIC's contribuíndo ao logro dos obxectivos do plan TIC do Centro mediante a realización de diversas accións cos nosos alumnos tales como:

- Visionado de vídeos en Youtube e reportaxes de diferentes televisións, como complemento á explicación do profesor.
- Uso de correo electrónico e de Google Drive para informar aos alumnos da realización dalgunha tarefa e para recepción dos seus exercicios, actividades e traballos.
- Uso educativo das redes sociais para compartir saberes, técnicas e recursos.
- Procura de información na Web e a súa posterior elaboración.
- Presentación de traballos nas aplicacións máis actuais na medida en que as posibilidades técnicas e a formación dos propios alumnos o permitan (PowerPoint, traballos dixitais,...). Como mínimo farán uso dun procesador de textos.
- Uso da Aula virtual do centro.
- Visitas a sitios web oficiais da Igrexa (Santa Sé, Arquidiocese, Conferencia Episcopal), a páxinas de contido bíblico ou relacionadas co voluntariado e o labor social da Igrexa.
- En relación cun dos obxectivos da programación, coñecer a través da Rede a achega da Igrexa á nosa cultura e patrimonio artístico para o que Internet móstrase como un instrumento valioso nun campo que por excelencia é o da imaxe.

- Consultas e visitas a portais católicos tanto polo seu contido conceptual como pola posibilidade de coñecer foros de opinión, blogs e outros campos de comunicación e expresión católicos.
- Consultas e visitas a diferentes portais oficiais do gobernos, asociacións, ong's e demais, para traballar os elementos transversais e a educación cívica e en valores solidarios.

17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- Colaborar co departamento de Orientación en todas as medidas preventivas, organizativas e de intervención que se desenvolven no centro (acolida ao profesorado novo, ao alumnado novo e ao alumnado estranxeiro no instituto, información e comunicación coas familias, control de faltas de asistencia e puntualidade do alumnado, actuación nos casos de absentismo, actuación nos casos de acoso escolar, uso da aula de convivencia e atención educativa, mediación escolar, igualdade de oportunidades, prevención de consumo de tabaco, alcol e drogas, e fomento de hábitos saudables...)
- Desenvolver actividades acerca da dignidade e dereitos da persoa para concienciar e sensibilizar ao alumnado sobre o maltrato entre iguais, especialmente sobre o acoso escolar.
- Propoñer a mediación cando xurda un conflito entre os alumnos/as tanto na aula como no centro e non poida resolverse doutro xeito.
- Promover a igualdade de oportunidades nas súas actividades e achegamento ao alumnado, aproveitando días conmemorativos, como o día da muller traballadora, violencia de xénero, etc, e desde una perspectiva transversal a través dos contidos da materia.
- Colaboracion coa Vicedirección do centro nas actividades, festas, visitas didácticas e viaxes que entre outros obxectivos fomentan a integración, a participación e a convivencia do alumnado e profesorado.
- Respetar, difundir, e recordar ao alumnado o Regulamento de Réxime Interno do centro.

18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares retomáanse durante este curso puidendo levarse a cabo as seguintes:

Temporalización	Actividades
1º Trimestre	o Parola dun misioneiro de Misiones Pontificias
	o Parola dunha asociación: Solidariedade Internacional, ou Redes, ou Entreculturas...
	o Parola da organización Cáritas
	o Confección dun calendario de Adviento
2º Trimestre	o Percorrido polas parroquias dos alumnos de 2º ESO das que fixeran un traballo
	o Asistencia ao ciclo de cine social no cine Salesianos.

3º Trimestre	○ Saída ao conxunto histórico e relixioso de Tui con 1º e 2º ESO
	○ Saída a Santiago de Compostela e ao Mosteiro da Armenteira con 1º e 2º ESO
	○ Saída a Ribadavia e ao Mosteiro de Oseira con 1º e 2º ESO
	○ Saída a Panxón e Baiona con 1º e 2º ESO
	○ Saída a Poio e Pontevedra con 1º e 2º ESO
○ Outras que xurdan ao longo do curso en relación coa programación elaborada.	

19. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Habemos de sinalar que resultados son os que pretendemos obter nos nosos alumnos coa docencia que levamos a cabo nas diferentes áreas materias. Non podemos valorar o axuste nos termos que expresamos a continuación si non sinalamos antes onde queremos chegar.

Tales resultados han de ser realistas (un 100% de aprobados é unha utopía en moitas ocasións), medibles (non é conveniente sinalar expresións como aceptable ou excelente - salvo excepcións con alumnos que presenten algunha característica especial-, senón porcentaxes) e, co tempo, comparables cos de cursos anteriores, a fin de obter unha tendencia.

Recomendamos partir dos dous criterios xerais que expresamos a continuación:

- O axuste ou coherencia da nosa programación e os elementos curriculares xenerais marcados na normativa e no Proxecto Educativo do Centro. En particular, deberemos contrastar si a materia contribuíu a alcanzar as Competencias Clave -CC- (para iso, no Decreto de Currículo, no anexo dedicado a cada materia, especificase como contribúe esta á consecución das CC, polo que debemos telo sempre presente). A este respecto, formalmente xa se axusta, pois seguimos os puntos previstos na lei, así que deberemos abundar no aspecto sinalado.
- Conseguir que a Programación sexa:
 - * Eficaz: que consiga que os contidos da nosa materia apréndanse, (coas porcentaxes ou observacións que prevexamos).
 - * Eficiente: que os resultados obtidos sexan causados pola aplicación do programado, non pola casualidade, as clases particulares ou os coñecementos adquiridos noutras fontes. Si vemos que algo sobra, quitémoscho; si falta, programemos iso para aplicalo.
 - * Funcional ou útil: que sirva para o que se deseñou.

Ademais, propoñemos un procedemento de valoración da programación que consiste na aplicación da seguinte escala de observación ao profesorado que imparte

cada materia, co fin de que xulgue a súa tarefa no curso segundo os resultados obtidos ao final do mesmo.

Podería ser conveniente, ata, que nas reunións trimestrais de avaliación da Programación Didáctica que cada ciclo-departamento desenvolve, téñanse en conta estes puntos para modificar a mesma segundo vaia transcorrendo o curso sen esperar ao final.

ESCALA DE OBSERVACIÓN PARA O PROFESORADO

Materia/Área impartida:	Curso:
Profesor/a:	Fecha:

Para valorar o axuste entre a programación e os resultados obtidos, o Departamento/Ciclo deseñou este instrumento. Coas túas achegas podemos mellorar o resultado do traballo desenvolvido. Para iso, rogámosche que valores, sinalando cunha X, de 1 a 4 -onde 1 é a cualificación máis baixa e o 4 a máis alta- os seguintes aspectos:

	1	2	3	4
1. Has respectado la distribución temporal de los contidos por avaliacións.				
2. Aplicaches a metodoloxía didáctica programada.				
3. Si has ter en conta os coñecementos e aprendizaxes básicas necesarios para aprobar a materia.				
4. Aplicaches os procedementos de avaliación programados e te axustaches aos criterios de cualificación.				
5. Aplicaches medidas de atención á diversidade aos alumnos que as requiriron.				
6. Levaches a cabo as actividades de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores segundo a túa responsabilidade.				
7. Levaches a efecto medidas de reforzo educativo dirixidas aos alumnos que presentaban dificultades de aprendizaxe.				
8. Puxeches en práctica medidas para estimular o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente.				
9. Utilizaches os materiais e recursos didácticos programados (no seu caso, libros de texto de referencia).				
10. Realizaches as actividades complementarias e				

extraescolares programadas.				
-----------------------------	--	--	--	--

1.Si contestaches 1 ó 2 a algunha cuestión, sinala que causas, ao teu xuízo, foron as responsables.

2.Indica as características máis positivas do traballo desenvolvido por ti este curso.

3.Sinala os aspectos que consideres que deberías mellorar na túa tarefa para cursos sucesivos.

AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO COA ACHEGA DO ALUMNADO

Ao rematar cada unidade debemos avaliar o proceso educativo. Podemos pedirlle ao alumnado que colabore connosco facéndolles estas ou outras preguntas concretas:

- Que porcentaxe de alumnado alcanzou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que recursos e actividades deron mellor resultado?
- Que poderíamos ter realizado en función dos intereses do alumnado?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?